

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 22.05.2026

ASISTENTES

PRESIDENTE: D. Javier Tourís Romero

VOGAIS: D^a Paula Bouzós Barros, en substitución de D^a. Luisa María
Sánchez Méndez

D. Rafael Domínguez Artime

D. Ricardo Martínez Chantada

D. Jesús Vázquez Almuíña

D^a. María Pilar Ramallo Vázquez

D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

D. Juan Pablo Castillo Amigo

D^a. Digna Rosa Rivas Gómez

D. Javier Iglesias Mougán

D. Paco Ferreira González

D. Gregorio Luis Agís Gómez

D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez

D. Gorka Gómez Díaz

D^a. Beatriz Lomba Rodríguez

D^a. María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e dous de maio do ano dous mil vinte e seis, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Medio Ambiente D^a. Concepción López Paz.

Aberta a sesión polo presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expediente 2026029543)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: QBVCYJ5KBLATC1SV), correspondente á sesión ordinaria celebrada o dezasete de abril do ano dous mil vinte e seis co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2. Dar conta da inscrición da Deputación de Pontevedra no Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimento (RGSEAA) para a produción do TéAreeiro na Estación Fitopatolóxica Areeiro (Expediente 2026037191)

“DAR CONTA DA INSCRICIÓN DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO REGISTRO GENERAL SANITARIO DE EMPRESAS ALIMENTARIAS Y ALIMENTO (RGSEAA) PARA A PRODUCCIÓN DO TÉAREIRO NA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO. EXPEDIENTE 2026037191

Na Estación Fitopatolóxica Areeiro (EFA) elabóranse diversos tipos de té mediante o procesado diferenciado dos brotes de C. sinensis, obténdose principalmente té verde de alta calidade, así como, té branco e té negro. Dentro do plan estratéxico para a promoción do cultivo do té na provincia de Pontevedra, iniciado en 2023, os técnicos da EFA desenvolven labores de recomendacións técnicas aplicables á implantación do cultivo, ao manexo agronómico, á colleita e ao procesado do té, que resultan de utilidade para agricultores locais interesados en emprender neste ámbito, en consonancia coas liñas definidas no plan estratéxico.

O té obtido en Areeiro utilízase para a súa promoción a nivel local como agasallo en actos oficiais, en actividades de divulgación e promoción en feiras agroalimentarias e eventos especializados, como feiras gourmet ou en iniciativas vinculadas á promoción do cultivo da camelia.

Neste contexto, e co fin de garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade alimentaria, procedeuse á inscrición da actividade no “Registro General Sanitario de Empresas Alimentarias y Alimentos” (RGSEAA). Esta inscrición constitúe un requisito legal para a produción, envasado e distribución de alimentos, permitindo asegurar a trazabilidade



do produto, a aplicación de sistemas de autocontrol e a adecuación das instalacións e procesos aos estándares hixiénico-sanitarios esixidos.

A inscrición no RGSEAA reforza o papel da EFA como centro de referencia en innovación agroalimentaria, especialmente no ámbito de cultivos emerxentes, ao integrar a investigación, a produción e o cumprimento normativo nun mesmo proxecto. Tamén posiciona a marca TéAreiro como un produto alimentario plenamente recoñecido desde o punto de vista sanitario, consolidando unha actividade que xa conta cunha traxectoria previa de divulgación e recoñecemento institucional.

A inscrición no RGSEAA non só é un requisito legal, senón unha ferramenta clave para consolidar o proxecto do té da EFA como unha iniciativa agroalimentaria innovadora, segura e con proxección.

Permite integrar produción, investigación e divulgación baixo un marco normativo recoñecido, achegando valor tanto ao ámbito local como á propia Deputación de Pontevedra, e sentando as bases para un posible desenvolvemento futuro do sector do té en Galicia.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

3. Rogos e preguntas

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar, a presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

